



Concello de Cuntis

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DESTINADAS AO APOIO Á NATALIDADE NO CONCELLO DE CUNTIS PARA O ANO 2025

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española que, no seu artigo 39, dispón que os poderes públicos aseguras a protección social, económica e xurídica da familia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece, como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais, garantirlles o apoio ás familias como marco de referencia en que se desenvolven as persoas e no seu artigo 60, atribúe aos concellos entre outras competencias, a creación e xestión dos servizos sociais comunitarios básicos.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia en Galicia, no seu artigo 8.2 b) establece que o municipio exercerá no exercicio das súas competencias a execución de programa e proxectos destinados a atención á familia.

Así mesmo, o artigo 27 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, prevé a delegación da competencia para a prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades.

O descenso do índice de natalidade é un feito xeneralizado en Galicia e con maior incidencia nas zonas rurais.

O Concello de Cuntis, non é alleo a este problema e coa necesidade de iniciar solucións, xa que, son as persoas o principal valor dunha comunidade e as familias o alicerce no que se asenta a nosa sociedade, decidiuse establecer esta medida de fomento encamiñada a reactivar a natalidade. Unha medida de apoio que atopa o seu fundamento na lóxica necesidade de que, sendo a natalidade un beneficio para todos, é lexítimo axudar as nais e pais a soportar as indubidables cargas que xorden, principalmente nos primeiros meses de vida dunha nena ou neno.

Trátase así de remover os obstáculos que entorpecen a propia vontade das parellas de elixir a dimensión da súa familia, de conseguir que a decisión de ter ou adoptar unha filla ou fillo dependa unicamente das conviccións ou desexos persoais, non de causas alleas ás mesmas.

Co obxectivo de fomentar a natalidade e apoiar economicamente ás familias de Cuntis, na medida dos recursos dos que dispón este Concello, preténdese axudar ás familias que teñan fillas e fillos por nacemento ou adopción mediante a posta en marcha das presentes bases.



Concello de Cuntis

Ao mesmo tempo preténdese fixar a poboación no concello evitando así o despoboamento que ven sufrindo.

Por todo isto, convócase a concesión de axudas municipais de fomento da natalidade, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal de Cuntis e demais normativa de aplicación.

1. OBXECTO

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria pública por parte do concello de Cuntis, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas ao fomento da natalidade no concello de Cuntis no ano 2025.

A finalidade das presentes bases é a concesión de axudas a familias, para sufragar parcialmente os custos derivados do nacemento e/ou adopción das nenas e dos nenos empadroados no concello de Cuntis.

2. REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS

Serán beneficiarios/as destas axudas os pais/nais que teñan ou adopten unha filla/o e cumpran os seguintes requisitos:

1. As nais e pais deberán estar empadroados no concello de Cuntis e, polo menos un deles, cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 9 meses. As nenas ou nenos nados, ou adoptados, deberán inscribirse no padrón de habitantes do concello de Cuntis.
2. A nai, pai e as fillas e fillos deberán comprometerse a seguir empadroados no concello, por un período de 2 anos desde o nacemento ou adopción.
3. O empadramento supoñerá a residencia efectiva, polo que tanto as beneficiarias e os beneficiarios como as súas fillas e fillos, deberán vivir habitualmente neste concello.

Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo concello solicitando os informes que procedan.

4. Que a renda da unidade familiar, sumada a base impositible xeral e a base impositible do aforro, da declaración do IRPF do ano 2024 non supere os 45.000,00 €. No suposto de que esta contía fora superior, a renda per cápita, entendida como a suma das bases impositibles xeral e do aforro dividida polo número de membros da unidade familiar, non deberá superar os 13.500,00 €.



Concello de Cuntis

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de membros computables.

Son membros computables:

- As nais, pais ou titores legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos maiores de idade con discapacidade e fillos/as solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará membro computable aquel que non conviva co menor, agás nos casos de custodia compartida que se incluírán ambos proxenitores dentro do cómputo anual.
- Computarán por dous os membros da unidade familiar (pai, nai e fillos/as) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR: Segundo o estipulado no punto 2.4 das presentes bases.

En caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar.

5. Estar ao corrente por todos os conceptos nas obrigas tributarias co Concello de Cuntis.
6. Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
7. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo concello de Cuntis no exercicio anterior, ou ter desistido de forma motivada e por escrito, nin ter pendentes obrigas por reintegro de subvencións.
8. Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello nas devanditas actuacións.
9. Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.
10. Non estar incursos nalgunhas das circunstancias que recolle o artigo 10.2 da Lei 9/07, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

3. CONTÍAS DAS AXUDAS

1. As axudas serán como máximo de **300,00** euros por cada filla/o nados ou adoptados entre o 1 de decembro de 2024 e o 30 de novembro de 2025.



Concello de Cuntis

2. No caso de nacementos ou adopcións de fillos con algunha discapacidade recoñecida nun grao igual ou superior ao 33% ou recoñecemento da situación de dependencia, a contía da axuda poderá chegar a **500,00** euros.

3. No caso de nacementos ou adopcións en familias numerosas ou familias monoparentais, a contía da axuda poderá chegar a **500,00** euros.

No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións e excédase o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto será prorrateado entre as solicitudes admitidas.

4. DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA

As acción incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2310.48000 do orzamento municipal para o ano 2025, ata un total de 7.000,00 euros.

5. FORMA E PRAZO DE SOLICITUDES DE AXUDA

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin (ANEXO I) presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cuntis, ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 16 a Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes deberán ir acompañadas, inexcusablemente da seguinte documentación:

1. Certificado de empadroamento e convivencia da unidade familiar, expedido polo concello, onde figure a data de alta no padrón de habitantes, no caso de non autorizar a súa consulta.
2. Fotocopia compulsada do Libro de Familia e do DNI do solicitante.
3. Copia cotexada do auto xudicial de adopción, no seu caso.
4. Acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (ANEXO III).
5. Compromiso de seguir empadroados/as no concello de Cuntis por un período mínimo de dous anos.(ANEXO II)
6. Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario/a da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos. (ANEXO II)



Concello de Cuntis

7. Certificación dos datos bancarios do/a titular onde desexen recibir o importe da axuda,

8. Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas do ano 2024 da persoa solicitante, da proxenitora ou proxenitor que non apareza como solicitante, irmás ou irmáns ata 25 anos.

9. Calquera outra que se estime conveniente na instrución do procedemento.

No caso de que algúns documentos requiridos non poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración de compromiso/xurada.

No caso de non ter libro de familia ou se a situación familiar, en día 31 de decembro de 2024, non coincide coa reflectida no libro, terán que presentar os documentos acreditativos do número de membros da unidade familiar, tales como:

- Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais municipais que acredite a situación familiar.

PRAZO:

O prazo de presentación de solicitudes comezará desde o día seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, segundo a LXS (arts. 17.3.b), 18 e 20.8 en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (Resolución IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015) ou ao seguinte ao que se produciu o nacemento ou adopción e finalizará o **12 de decembro de 2025**.

EMENDA DE SOLICITUDES

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, o Concello requirirá á persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende as carencias ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O órgano correspondente concederá as axudas e subvencións a todas as persoas solicitantes (con límite na dispoñibilidade orzamentaria) que cumpran os requisitos, tendo en conta da contía establecida no apartado 3.

7. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

O procedemento será instruído pola traballadora social deste Concello. Recibidas



Concello de Cuntis

as solicitudes procederase a súa tramitación.

Avaliadas as solicitudes, segundo os criterios regulados na base 6, os expedientes serán elevados á Alcaldía ou Xunta de Goberno Local, para adoptar as resolucións correspondentes.

8. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Permanecer empadroadas no Concello de Cuntis por un período de dous anos posteriores á concesión desta axuda. O empadramento supoñerá a residencia efectiva, polo que tanto as beneficiarias e os beneficiarios como as súas fillas e fillos, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias deste concello. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello solicitando os informes que procedan.
2. Cumprir con calquera outra obriga disposto no artigo 14 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Seguir as directrices que marcan as bases da convocatoria.
4. Someterse ás actuacións de comprobación e control.

9. REINTEGRO

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, xunto cos intereses de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

10. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

A obtención dunha subvención outorgada polo Concello de Cuntis é compatible con calquera outra subvención, axuda ou ingreso obtido para a mesma finalidade.

11. INTERPRETACIÓN

Calquera dúbida que puidera xurdir pola interpretación destas bases será resolta por Resolución da Alcaldía ou Xunta de Goberno Local.

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do concello de Cuntis, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e no RD 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa de réxime local aplicable.



Concello de Cuntis

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDAS DE APOIO Á NATALIDADE – ANO 2025

Nome e apelidos solicitante:	NIF:
Enderezo:	Teléfonos:
Datos cónxuxe ou parella, se procede Nome e apelidos:	NIF:
Enderezo:	Teléfonos.
Datos do/a fillo/a: Nome e apelidos:	Data nacemento ou adopción:
DATOS BANCARIOS:	
Titular da conta:	Nº da conta bancaria (24 díxitos)

Cuntis a de de 2025.

Asdo.: _____

Aos efectos do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, o CONCELLO DE CUNTIS informa que os datos facilitados por vostede serán incluídos nun ficheiro denominado **ACTIVIDADES DE SERVIZOS SOCIAIS** coa finalidade de promoción e desenvolvemento de actividades en materia de servizos sociais, benestar e igualdade, educación e cultura.

Os datos serán cedidos a outros Órganos da Administración de Estado, Autonómica ou Local, Asociacións e Organizacións sen ánimo de lucro, Entidades públicas ou privadas que colaboren en servizos sociais nos supostos previstos legalmente.

Pode exercer os dereitos que lle asisten de acceso, rectificación, cancelación e oposición tanto en relación co tratamento de datos realizado polo CONCELLO DE CUNTIS realizando unha comunicación escrita a Praza da Constitución, s/n, 36670, Cuntis Pontevedra, xuntando fotocopia do DNI ou documento análogo.

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS



Concello de Cuntis

ANEXO II COMPROMISO DE EMPADROAMENTO E DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPRIMENTO DALGÚN REQUISITO

D/Dª _____, con DNI nº _____
e _____ con _____ enderezo en _____

De conformidade coas bases reguladoras e convocatoria de axudas municipais en concorrencia competitiva destinadas ao apoio á natalidade do concello de Cuntis,

COMPROMÉTOME,

- A continuar empadroada/o e con residencia efectiva, cónxuxe ou parella de feito, filla/o, no concello de Cuntis por un período mínimo de dous anos.
- A devolución da axuda económica, no caso de incumprirse algún dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria

Cuntis a _____ de _____ de 2025.

Asdo.: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS



Concello de Cuntis

ANEXO III DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona: _____, con DNI nº _____,

Como solicitante das axudas de apoio á natalidade, promovidas polo concello de Cuntis,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Que non estou incurso/o en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de subvencións conforme ao artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e que coñezo e acepto as bases da convocatoria.

Estar ao corrente por todos os conceptos nas obrigas tributarias co Concello de Cuntis.

Cuntis, _____ de _____ de 2025

Asdo.: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS



Concello de Cuntis
